

BASES COMPETICIÓN

PLAY OFF TEMPADA 2023-2024

CADETE FEMININA

EQUIPOS PARTICIPANTES			
1	Ferretería Molares Carballal Balonmán "A"	9	Coreti Lalín
2	Dental Pablo Sieiro Bm. Cangas	10	Balonmano Porriño
3	U.B. Lavadores Vigo	11	Bar Lage Asmubal Meaño
4	SAR Rodavigo	12	Chorro Naval As Choqueiras
5	Clube Balonmán Tui	13	Balonmán Chapela
6	Mecalia Atlético Guardés	14	Padthaiwok Bueu Atlético Balonmán
7	Grupo Lemaco Xiria A	15	Bm. Culleredo Fisioterapia Benestar
8	S.D. Teucro Bon Pollo	16	Bm. Pabellón

- ❖ Cabezas de serie 1: Os 4 mellores primeiros dos grupos da Fase de Clasificación.
- ❖ Cabezas de serie 2: O peor primeiro e os 3 mellores segundos dos grupos da Fase de Clasificación.

DATOS RELEVANTES:

- **Datos Play off:** Do 06/10/2023 ao 08/10/2023
- **Nº Equipos:** 16
- **Nº Grupos:** 4
- **Composición dos grupos:** 4 grupos de 4 equipos
- **Grupos:**

GRUPO A	GRUPO B
U.B. Lavadores Vigo	Dental Pablo Sieiro Bm. Cangas
Clube Balonmán Tui	Grupo Lemaco Xiria A
Bar Lage Asmubal Meaño	Balonmán Chapela
Chorro Naval As Choqueiras	Balonmano Porriño
GRUPO C	GRUPO D
Ferretería Molares Carballal Bm. "A"	SAR Rodavigo
S.D. Teucro Bon Pollo	Mecalia Atlético Guardés
Bm. Culleredo Fisioterapia Benestar	Padthaiwok Bueu Atlético Balonmán
Coreti Lalín	Bm. Pabellón

- **Formato:** Tipo sector, liga a unha volta todos contra todos dentro de cada grupo e nunha mesma sede. Os cabezas de serie establécense en función da clasificación da Fase de Grupos da Fase de Clasificación.

- **Sedes:** Os equipos organizadores dos Play Off son os cabezas de serie → Os 4 mellores primeiros dos grupos da Fase de Clasificación.
- **Enfrontamentos:**

XORNADA	DATA	PARTIDOS	
1	06 outubro de 2023	1 - 3	4 - 2
2	07 outubro de 2023	4 - 3	2 - 1
3	08 outubro de 2023	3 - 2	1 - 4

- **Horarios:** O equipo organizador poderá establecer os horarios sempre e cando se respecten as seguintes premisas:
 - O 06/10/2023, os equipos que se atopen a máis de 100 km. de distancia non poderán xogar antes das 19:00 horas.
 - O 07/10/2023 e o 08/10/2023 os equipos que se atopen a máis de 100 km. de distancia non poderán xogar antes das 10:30 horas.
 - Os dous encontros de cada xornada deberán disputarse de xeito contiguo, é dicir, un despois doutro.
 - Calquera destas premisas poderá ser anulada por acordo escrito de todos os equipos implicados no grupo de Play Off.
- **Arbitraxes:** O importe do fondo arbitral (32,00 € x nº de partidos totais) facturarase ao equipo organizador do Play Off.

CONSIDERACIÓNS IMPORTANTES:

- **Os dous primeiros clasificados de cada un dos grupos e os dous mellores terceiros clasificados** ao remate do Play Off, acadarán os dereitos deportivos para a participación na **Liga Ouro 23-24**; mentres que o resto de equipos pasarán á Liga Prata 23-24.
- Non poderán participar na Fase de Clasificación, e nos Play Off dous equipos dun mesmo club, xa que soamente poderá participar na Liga Ouro un dos equipos.
- Será de carácter obrigatorio a disputa dos Play Off para todos os participantes na Fase de Clasificación, agás os descartes por clasificación; a renuncia a disputalos implicará a mesma sanción que a retirada dun equipo en calquera competición oficial.
- A Fase de Clasificación e mesmo os Play Off terán a consideración de categoría de Liga Prata a efectos da normativa de cambio de equipo de xogadores/as na mesma tempada; agás no momento no que un equipo acade o ascenso, xa que a consideración da categoría pasará a ser de Liga Ouro, polo tanto eses xogadores/as non poderán cambiar de equipo na mesma tempada.
- A vixencia do Seguro Deportivo obrigatorio estará supeditada á licenza da tempada 2023-24, todas as xogadoras deberán ter o seguro e a licenza correctamente tramitados para a disputa desta competición.

- En caso de que por calquera motivo haxa grupos con diferente número de equipos, os criterios de desempate para determinar o mellor clasificado nun posto determinado será o **Criterio FGBm**.

Nº DE EQUIPOS CLASIFICADOS PARA CADA UNHA DAS FASES DA COMPETICIÓN:

Nº EQUIPOS FASE CLASIFICACIÓN	COMPOSICIÓN GRUPOS FASE CLASIFICACIÓN	COMPOSICIÓN GRUPOS PLAY OFF	ASCENSOS A LIGA OURO
11	4+4+3	Non habrá Play Off	Todos menos o peor clasificado.
12	4+4+4	4+4+4	3 primeiros de cada grupo e mellor 4º
13	4+3+3+3	4+4+4	3 primeiros de cada grupo e mellor 4º
14	4+4+3+3	4+4+4	3 primeiros de cada grupo e mellor 4º
15	4+4+4+3	4+4+4	3 primeiros de cada grupo e mellor 4º
16	4+4+4+4	4+4+4+4	2 primeiros de cada grupo e dous mellores 3º
17	4+4+3+3+3	4+4+4+4	2 primeiros de cada grupo e dous mellores 3º
18	4+4+4+3+3	4+4+4+4	2 primeiros de cada grupo e dous mellores 3º
19	4+4+4+4+3	4+4+4+4	2 primeiros de cada grupo e dous mellores 3º
20	4+4+4+4+4	4+4+4+4+4	2 primeiros de cada grupo
Mais de 20	4+4+4+4+4	4+4+4+4+4	2 primeiros de cada grupo

CRITERIO FGBM.:

- **COMO DETERMINAR OS MELLORES PRIMEIROS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS:** Eliminarase o resultado co 4º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.
- **COMO DETERMINAR OS MELLORES SEGUNDOS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS:** Eliminarase o resultado co 4º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.
- **COMO DETERMINAR OS MELLORES TERCEIROS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS:** Eliminarase o resultado co 4º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.
- **COMO DETERMINAR OS MELLORES ÚLTIMOS CLASIFICADOS SE HAI GRUPOS DE TRES E CATRO EQUIPOS:** Cando xa teñamos os mellores terceiros, eliminarase o resultado co 3º clasificado nos grupos de catro equipos. Esa eliminación do resultado nunca alterará o posto na clasificación de cada grupo, simplemente afectará aos goles a favor, goles en contra e diferenza de goles.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIAS:

Todas as cuestións que non se atopen recollidas nestas bases, serán reguladas pola normativa vixente da FGBm e no Regulamento de Partidos e Competicións da RFEBM.